

## CERTIFICADO

**Juan Marquina Fuentes**, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Ourense  
**CERTIFICO:**

Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria realizada o día 29 de xaneiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Expediente de modificación dos créditos orzamentarios do orzamento do exercicio 2021 mediante a concesión dun crédito extraordinario e da modificación das bases de execución do orzamento n.º 1/2021.

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 1/2021 do expediente e das bases de execución, co seguinte detalle:

### **CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS**

| <b>APLICACIÓN</b> | <b>EXPRESIÓN</b>                                    | <b>IMPORTE</b> |
|-------------------|---|----------------|
| 433.00/831.00     | Desenvolvemento empresarial. Préstamo a longo prazo | 498.349,67 €   |

### **RECURSOS UTILIZADOS**

|  |                     |
|--|---------------------|
| <b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b> | <b>498.349,64 €</b> |
|--|---------------------|

2º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos de 2021, nas bases de execución aparece unha subvención nominativa ao **Concello da Merca** para a “ Reparación en vías municipais” por importe de 35.000 euros.

O Concello da Merca en data 10 de setembro de 2020, con entrada no rexistro electrónico da Deputación o 12 de xaneiro de 2021, informa que no mes de setembro se produciu a rotura dos motores de bombeo na subministración domiciliar de auga no municipio, sen que o Concello poida atender con recursos propios a dita circunstancia excepcional.

Por mor da causa mencionada, acórdase o cambio do obxecto da subvención especificada nas bases de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, pasando a denominarse “**Arranxo do bombeo da ETAP de Rubillós no Concello da Merca**”

#### **450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

| <b>Beneficiario</b> | <b>Finalidade</b>  | <b>Importe</b> |
|---------------------|--|----------------|
| Concello da Merca   | Arranxo do bombeo da ETAP de Rubillós no Concello da Merca | 35.000,00 €    |

**3º.-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, na data de sinatura electrónica deste documento.